



## **XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDO ADOPTADO NA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 15 DE MARZO DE 2023**

ACÓRDASE POR MAIORIA A APROBACIÓN, a efectos de tramitación, da modificación do Máster Universitario en Avogacía para a súa conversión en Máster Universitario en Avogacía e da Procura, coas seguintes observacións aprobadas -no día de hoxe- pola Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía da Facultade de Dereito, así como pola Comisión de Calidade da Facultade de Dereito:

1. Na páxina 45 da Memoria (“5. Coordinación entre el Máster en abogacía vinculado a la Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo con el Máster en abogacía vinculado a la Facultad de Derecho (Campus de Ourense)”) engadirse un segundo parágrafo:

“Os acordos serán adoptados por maioría de votos, contando en tal maioría co voto das/os decanas/os das dúas Facultades ou das persoas en quen deleguen”.

2. Manter a homoxeneidade nas fichas das materias consensuada en 2012 tanto en metodoloxías docentes (seminarios) como en avaliación (estudos de caso).
3. Suxerir as persoas que redactaron e impulsaron o contido e o texto da memoria que efectúen unha revisión de estilo (erratas, non existe uniformidade en materia de xénero, etc) e que incorporen as fichas que faltan.

Ourense, 23 de marzo de 2023

A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.